



ORDE DO 25 DE MARZO DE 2021 DA CONSELLERÍA DO MAR POLA QUE SE NOMEAN OS MEMBROS DO ÓRGANO DE XESTIÓN, SEGUIMENTO E CONTROL DA RESERVA MARIÑA DE INTERESE PESQUEIRO OS MIÑARZOS

O Decreto 87/2007, do 12 de abril (DOG nº 88 do 8 de maio; modificado polo Decreto 240/2008, do 2 de outubro, DOG nº 210 do 29 de outubro), crea a reserva de interese pesqueiro Os Miñarzos. No seu artigo 9º e co fin de constatar a evolución da reserva mariña e de asegurar o cumprimento dos obxectivos establecidos no decreto, créase o órgano de xestión, seguimento e control, que estará constituído por oito membros designados pola consellería competente en materia de pesca.

Destes oito membros, tres serán nomeados en representación da consellería competente en materia de pesca, un en representación da consellería competente en materia de ambiente, e catro en representación das entidades do sector pesqueiro. Así mesmo, a consellería competente en materia de pesca designará o presidente e o secretario do órgano de xestión seguimento e control, entre os representantes da Administración.

Dado que se produciron vacantes, por xubilacións e cambios de posto de traballo, no órgano de xestión, seguimento e control da reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos, que se corresponden con membros que actúan en representación da Consellería do Mar, cómpre nomear os novos vogais e suplentes, así como designar de entre os nomeados á presidencia e a secretaría do órgano.

Polo ata agora exposto **resolvo**,

Nomear como membros do órgano de xestión, seguimento e control da reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos ás persoas que se relacionan a continuación:

	Titular	Suplente
Vogal (Secretario) (Consellería do Mar)	<i>Fernando Estévez Otero</i>	<i>Beatriz Asorey Torres</i>

Polo tanto, a composición do órgano de xestión, seguimento e control da reserva mariña de interese pesqueiro Os Miñarzos queda como se relaciona a continuación:

	Titular	Suplente
Presidente (Consellería do Mar)	<i>Pablo Ramón Fernández Asensio</i>	<i>Marta Villaverde Acuña</i>
Vogal (Secretario) (Consellería do Mar)	<i>Fernando Estévez Otero</i>	<i>Beatriz Asorey Torres</i>
Vogal (Consellería do Mar)	<i>Diana Fernández Márquez</i>	<i>Ramón D. Fernández Conchas</i>
Vogal (Consellería de Medio Ambiente)	<i>Susana Cuesta Fariña</i>	<i>Elisa Gago Moldes</i>
Vogal (Confraría de Lira)	<i>José Mariano Lago Louro</i>	<i>Marco Antonio Freire Rama</i>
Vogal (Confraría de Lira)	<i>Andrés Domínguez Beiro</i>	<i>Juan Antonio Formoso Blanco</i>
Vogal (Federación Galega Confrarías)	<i>Daniel Formoso Moledo</i>	<i>David Otero Fernández</i>
Vogal (Federación Galega Confrarías)	<i>Primitivo Pedrosa González</i>	<i>Albino Rebollido Núñez</i>

Santiago de Compostela,
Rosa Mª Quintana Carballo
A conselleira do Mar,

